


Núm. 28

15-4-26



# nós.



BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO  
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO  
Alfonso R. Castelao

DIREICIÓN E REDAUCIÓN  
Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:  
Real, 36 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

*Pagos adiantados*

Este boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pola-Direición. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

*Poesía*, por M. Lugrís Freire.

*A moderna literatura irlandesa*, por Vicente Risco.

*Nota Bibliográfica*, por Ramón Martínez López.

*A Edade do Ferro na Galiza*, por Florentino L. Cuevillas.

*Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza*

*Os homes, os feitos as verbas*, pol-a Redaución.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS  
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VIII ★ Ourense 15 Mayo 1926 ★ Núm. 28

• •

a VICENTE RISCO

Ela dormel Ela soña!  
Xacente na molime, agarimada  
Por castiñeiro verdecentes, ela  
Amostra sin querer a fermosura  
D'unha deusa divina.  
Vive no tempo en que a sabrosa froita  
Tén-a maturidade degorante.  
O peito branco, duas pombas tenras  
Móvese en ritmo d'areloso goce.  
Ela dormel Ela soña!

O sol brila esprendente. As volvoretas  
Xiran apareladas, persegúndose  
En querendoso celo;  
As douradas abellas, en procura  
Do pô que gardan as brillantes frores,  
Tecen no ár a sinfonía aguda  
Do fecundo traballo.  
Nos seus bermellos beizos, acendidos  
Como amapola entre os dourados trigos,  
Unha abella se pousa, porque entende  
Que n-eles pode achar mel proveitoso.  
A natureza electrizada reza...  
¡Ela soñal Ela dormel!

Dos castiñeiros a candeas espállase  
No mol e fresco chan. O seu arume

Esperta d'Afrodita as tolas ansias  
Que axuntan n-unha as vidas.  
As cóchegas buligan pol-as veas  
Do meu colo. Garrida, enmeigadora,  
Amostra as liñas do divino corpo  
Que ao modelo de Vénus superara.  
Ansias d'amor o corazón escisma,  
Sinto que a vida é bela.  
¡Ela soñal Ela dormel!

¡Oh! quen fora esa abella  
Que na sua boca vírxinal se pousa.  
¡Oh! quen fora esa libre avelaíña  
Que en loita querendosa vive sempre  
En procura d'amor.  
¡Oh! quen fora esa brís discreta e pura  
Que os seus louros cabelos arrandea  
E as suas abas docemente move.  
¡Oh! quen fora esa chave, que os tesouros  
Do seu dormido corazón abrise  
P'ra forecer en bicos!  
Deixádea, pensamentos,  
Que é unha virxe que soña.

M. LUGRÍS FREIRE

A Cruña, Xaneiro 1926.

## Da renacencia céltiga

# A Moderna Literatura Irlandesa

*(Prosseguimento)*

•Pela flor que murchou no esquecemento.  
 Pela aza que se eleva e logo cal  
 O tristes labios meus, rezai! rezai!  
 di Teixeira de Pascoaes. A aza que se eleva e  
 logo cal... ond'haberá maior tristura e mais  
 fonda traxedia? Pois nestas tres de Lennox  
 Robinson, ollamos coma cán deseñas, cou-  
 tadas no seu vóo, as áas do pensamento, do  
 entusiasmo e do sacrificio...

Na primeira, James Nugent, un Feniano que levou vinte anos na cadea, surte e retorna á crecentemente próspera Irlanda do período antr'a Land Act e o comenzo da Guerra Europea. Ii agarda atopar mais forte ainda que cando o prenderon, o sentimento da independenza; mais pol-a contra, atopa a xente encalmada satisfeita e ben disposta polo Goberno Inglés, com os porcos ben mantidos. Co-a axuda de un discípulo quereos sacar d'aquel vergoñoso contentamento c'as bestas, e fracasa. Ata douis antigos axitadores que vai buscar son arastora dous vellos respeitosos co-a autoridade, dedicados a organizar leuturas sobr'educación... Anuncia un mitin, e a xente vaise pro cine namentras un vello, ollendo a sela valeira, comenta o feito con frase cruel.

*The Dreamers* refirese ó intento heróico de Robert Emmet, aforcado en 1803, despois de unha loita desesperada contr'as tropas ingresas. A traxedia eiqui é a desillusión de Emmet ó ver qu'os que o siguen o van deixando pouco e pouco.

*The Lost Leader* é unha obra na que Lennox Robinson, preocupado pol-a liberdade da sua terra, fixo principalmente porfia política, pondo nos belzos dos persoaxes longos e animados discursos. O éxito en Dublin foi enorme, e tamén o tivo en Londres en 1919.

*The Witeheaded Boy* é en troques unha comedia. É unha noi, da aldeia, que sacrifica a todos os seus fillos para qu'os mais novo que é o qu'ela quer, se faga un gentleman. Manda a estudar Melclña na Universidade de Dublin, e gasta os cartos co-ll, que se dá a gran vida nementral-los irmans morren á miñoca. Estreada en Dublin, en 1917, con grande éxito, foi en Londres, cando ali a puxeron, a peza millor da tempada.

Veleiqui as obras de teatro de Lennox Robinson. Ten tamén historias como *Looking after the Girls* e *A Pair of Muddy Shoes*; a primeira é un estudo dunha pauliña coma responsabilidade familiar; a segunda é unha fermosa historia de pantasmas.

## IX

*James Joyce*: a Irlanda deu - e cecais somentes a Irlanda podería dalo - iste caso que poderíamos decir único no noso tempo. D'este home, d'este escritor de quen todos falan e que, se cadra, ninguén leeu, si qu'ui pode pensar - si é atal e como nol-o pintan - qu'ien peuto co Demo. Iste si qu'é endlañedo, e non Carducci e Leautréamont. Carducci non é mais qu'un poeta de milin, e de Leautréamont, Gómez de La Serna amostrou qu'era un infeliz. Joyce seica nono é. Selca, porque veleiqui un home do que todos temos que falar por forza, sen agarradeira posible, porque apenas si podeu un conseguir leer un anaquillo, traducido coma que a furia delas nalgúnha de esas revistas novas, sin qu'un poda acadar, a menos de facer pra elo un viaxe longo, non digo xa as obras inteiras, que son cousa de millonarios e d'escolleitos, senón nin ainda uns anaquillos en inglés...

Hai moiito escrito en col de Joyce, e seica o que mais val el é o que fixo Valery-Larbaud, que sen dúbida é un home de verdadeiro espírito, de inmensa leitura, e dun senso seguro de modernidade.

Joyce anda por ahí posto en comparanza con Dante, con Shakespeare, con Rabelais, con Calderón, con Goethe e con Dosloyewski. E os que o fan son homes coma Yeats, Valery Larbaud, T. S. Elliot, Havelock Ellis, Ezra Pound, etc.

E iste éisilo foi cousa súpela e unánime.

Os retratos que coñecemos apreséntano con barbas nascendo arredor do queixo, e deixando, os lados da mosca, dous espazos sen pelos. Ten un nariz calquera, as sobrecellas fruncidas c'un plegue no entrecello, coma marca de temosía, de concentración do pensamento e mal humor. Outro plegue horizontal, moi baixo, indica espírito maligno. Os ollos teñen un ollar penetrante. É sen dúbida un tipo cerebral, escuro, cheo de misterio. Simone Tery, que falou co-o, di que tendo un linte rosa por toda a face, dás así e todo a sensación de ser descolorido. Hai algo d'engano e de mentira en toda esta figura.

Din de Joyce que se non quixo axionllar diante da sua naí morta. Quen pode xusgar dos sentimientos e dos motivos d'outro con seguranza? Mais hai xenreiras qu'amostran qu'o Demo non anda lonxe.

James Joyce nasceu en Dublin, en 1882, d'unha antiga xente católica, enxebremente irlandesa. Educouse no Colexio dos xesuitas de Clongowes Wood, onde recibiu unha forte cultura clásica: léngoas mortas, literatura grega e latina, filosofía grega y-escolástica, teoxía, ciencias. Os xesuitas querían facer entrar na orde, mais non conseguiron. Pasou á Universidade de Dublin a estudar Melciña, y-estando a sua xente arruinada, tivo que dar leclos pra poder seguir os cursos. Era d'aquela candém-principiaba a renacencia irlandesa, mais Joyce refusou de seguirla. Desbotou da sua y-alma a relixon, a léngoa e o patriotismo irlandés. Escribeu en contra do Teatro Nacional; atacou a un escritor a quem debía o pan; soberbo com'o Demo, nin estivo cos renacentistas irlandeses, nin cos seus nemigos. Rematou por se facer odioso a todos, e tivo que fuxir.

«Eu non quero servir ó que non creio - dípor mais qu'eso se chame o meu fogar, a miña pátreia ou a miña eirexa... E non ten medo a cair en erro, anque sea grave, un erro pra tod'a vida, ainda se cadra pra tod'a eternidade».

James Joyce é dos que se botan de cabeza ó inferno sén remordemento. E deixou terra, familia, amigos - que poucos podien ser - y-elsilouse.

Foise pra París, e sigueu estudiando Melciña, e principalmente, filosofía, matemáticas, léngoas antigas e modernas. Deprendeu o noruego pra leer a Ibsen no orixinal; leeu a Aristóteles e a Santo Tomás. Logo deixou a Melciña e quíxose facer cantante.

Ainda volveu a Dublin, onde casou, en 1905; mais tivo que marchar de novo, e andivo por Europa adiante. Viviu estreladamente, e coma pudo, en Roma, en Trieste y-en Zurich, dando leclos de Inglés, francés, alemán e italiano. En Zurich fundou un teatrínio onde, envolto na saudade da pátreia, reconciliado en parte coa sua renacencia, fixo represantar pezas do Teatro Nacional Irlandés, conf'r o qu'outrora escribiría, traducindo il mesmo pra ela *Riders to the sea* de Synge e *Countess Cathleen* de Yeats. E volveu a Dublin, onde quixo montar un círculo, e terceira vez volveu marchar. En 1920 afincou en Paris.

Joyce publicou primeiro un libro de versos: *Chamber Music* en 1907. Versos imaxistas, moi apreciados no mundo culto.

*Dubliners* é unha colección de contos, tipos y-esceas de vida de Dublin, de xeito naturalista, ond'a xente coñecida están postas cos seus nomes verdadeiros. Son anacos de vida, ond'o autor amostra xa a sua mesranza. Moito lle custou atopar editor pra iles. Principalmente, pedianlle que suprimira, antr'outros pasaxes, algúns nos que facía alusión a certos feitos de vida privada d'El Rei Eduardo VII. Censo de loitar, Joyce decideuse, e mandoulle os pasaxes chatados a George V, pra que lle dixerá o que pensaba d'iles. Do Pazo dixeronlle qu'a etiqueta non permitía ó Rei responder a tal consulta. Por fin, atopou quen llo editara, mediante a supresión d'aquel e outros pasaxes, e ainda así e todo, o editor exixeulle que puxera unha fianza pra responder dos procesos que iles iban vir. Mais cando pideu que ll'entregaran a edición, soupo que se presentara ali un

senior descoñecido qu'a mercou toda e queimouna ali mesmo, agás un exemplar que lle mandaron a Joyce. Por fin, en 1914 publicouse *Dubliners* en Londres.

En 1916 publicou *A Portrait of the Artist as a Young Man*, novela autobiográfica na qu' estaba traballando dende 1904, e na qu'o autor aparez baixo o nome de Stephen Dedalus, isolado, misántropo, calado, escondendo de cote n'un irragado auto-análise, tristeiro, aborrecido. É unha novela sen acción, puramente psicolóxica. O símbolo é — ou semella ser — Dédalo perdido no Laberinto, que remata por fuxir. Conta a sua vida cos xesuitas, a sua crise relixiosa, a sua arela de liberdade.

Tampouco o quixeron editar os editores ingreses. Unha revista escolleita pra poucos, *The Egoist*, que se publicaba en Londres, foi na publicando en serie. En libro publicouse en América. Despois, en 1924, Ludmila Savitzky publicou unha tradución francesa co título de *Dedalus*. Fixose tamén unha tradución sueca.

En 1914 escribiu unha peza de teatro, *Exiles*, que se representou en Munich, e que foi publicada en 1918. O asunto é o seguinte: un intelectual Irlandés, Richard Rowan, apaixonado da verdade, foise ceibando de todal-as servidumes, non lle falta por crebar mais cadaq' qu'a da moral. A súa dona non lle quer, e ten un amigo, Robert Hand que quer a súa dona. D'aquela, Rowan, que non quer qu'a súa dona estea coi a contragusto, céddelle ó amigo. De *Exiles* fixose unha versión italiana.

E chegamos á obra capital de Joyce: *Ulysses*. Tampouco lla quería publicar ningúen. En Londres, Miss Harriet Weaver directora de *The Egoist Press*, arriscouse a publicar algúns extractos en *The Egoist*. Nos Estados Unidos, Ezra Pound, un dos mais sonados escritores d'avangarda e dos millores amigos de Joyce, interesou a Miss Margaret Anderson e Miss Jane Heap, que publicaban en Nova York a *Little Review* pra publicaren ali o *Ulysses*. Mall-a Sociedade pr'a supresión do Vicio, de que se decataram, fixeron ás da revista catro advertencias, e pol-o derradeiro, recollerón os exemplares, e levaron ás direitoras ó xusgado. Foi unha cousa sonada, na que terciou de defensor un grande abogado, John Quinn, apesar de que, as encausadas tiveron que

pagar unha multa de cen dólares, e prohibiuuse a publicación do *Ulysses*. Por fin, en París, Miss Sylvia Beach, que dirixe unha sala de leitura rotulada *Shakespeare and Company*, emprendeu a publicación, tendo qu'lla imprimi-  
tar a Dijon, onde M. Darantière, impresor de Huysmans. Non había quem quixera copiar o texto á máquina... Apareceu por fin *Ulysses* o 2 de Febreiro de 1922. Mais na Ingraterra e nos Estados Unidos prohibiuuse a venda, e houbo que metel-los exemplares un por un, de matute. Ainda se non consinté ali vendelo. Mais esto fixo que todo-o buscaran, e as edicións sucedéronse.

*Ulysses* é un volume de 782 páxinas in-quarto, en letra miuda. Ten 18 capítulos, sen título e sen número. Contén unha novela que nin principia nin remata, e que acollece toda n'unha xornada dende qu'un home s'ergue do leito ata que se deita. Os personaxes principais son tres: Leopold Bloom, a súa parella, Molly e Stephen Dedalus. Bloom é un home calquera un periodista que non ten de particular. Molly Bloom é un ser elemental e incosciente que vive por istinto. Stephen Dedalus xa sabemos como é. Nos tres primeiros capítulos tráfanse de Stephen Dedalus nas primeiras horas do dia. Nos seguintes, de Bloom, a quien se vai seguindo na súa casa, na coriaduria, outra vez na casa, na rua, no baño, nun entero, na redaçón dun xornal, no restaurante, na biblioteca pública, nun bar, na playa, nunha casa de maternidade, nun burdel, con Stephen Dedalus de novo, e outra vez na casa, onde despierta á muller, rematando co monólogo interior de Mrs. Bloom.

Cónlase todo por miúdo, e sen quitar detalle, por mais que sea dos qu'outros calan. Canto Bloom fal, di, pensa, vé ou sinte n-iste tempo, ven referido na novela, e non ollado por afara, senón por adentro, atal e com'g' sinte Bloom: é a corrente da conciencia de Bloom, o que está referido. Asina, todo Dublin está presente na novela: ruas, casas, xente, vida. A corrente da conciencia ven ali coas súas interrupcións e o seu entrambillemento de causas diferentes atal e coma é.

Cada capítulo ten un estilo diferente, asegún as necesidades da esceña. Hainos en forma dramática, en forma calecismo, mete n-queiros artigos de xornal, poesías, etc. O mais remarcábel é o *monólogo interior*, que é a gran novidade de Joyce, pol-a qu'os Super-realistas franceses o leñen coma precursor.

A fala é pintoresca e rica, con moitas verbas estranxeras, inventadas, compostas, e todolos recursos qu'un poida maximizar.

O mesmo Joyce confesa que foi a *Odysea* o que lle sirveu de plan. Os capítulos do *Ulysses* correspóndense cos cantos da *Odysea* e ademais, asegún Valery Larbaud, ten cada un o seu simbolismo especial, correspondendo cunha parte do corpo, unha hora, un coor, etcétera. Por exemplo o capítulo IV pasa n-unha redaución, e as correspondencias son: parte do corpo, o pulmón; arte, a retórica; coor, bermello; técnica, o enigmata; título, Eolo; hai un persoaxe que corresponde ó Eolo de Homero, e a illa flotante d'Eolo é a imprensa...

Atal é a obra, cecais a mais sonada no noso tempo.

E do irlandesismo d'iste descastado, qu'imos dicir? Pois temos que dicir que padece no des-

terro a obsesión da Irlanda. Que todal-as suas obras iran da Irlanda, pasan na Irlanda, e os seus persoaxes son irlandeses. Que non perde de vista a sua terra, que s'entra de canto pasa n-ela, que lee todolos días os xornais, d'álá, que cantos papéis trai no bolso refirente a ela. Qu'o qu'o queira facer falar, tenlle que falar da irlanda. Qu'il é tristeiro, desgraciado, exilado... Pol-o derradeiro, qu'o seu espírito é fondamente irlandés: irlandés pol-a sua rebeldía pol-a exaxeración, pol-a paixón, pol-o humorismo, pol-a cobiza do misterio, pol-a rareza, porque non s'imita a ninguén...

\*\*

Ainda nos quedan moitos de quen falar: Lady Gregory, Padraic Colum, Edward Martyn, Padraig Pearson, Thomas MacDonagh, John Eglinton, Seumas O'Sullivan, Terencio Mac Swiney, Arthur Griffith, Daniel Corkery, Liam O'Flaherty, Sean O'Casey, Oliver Gogarty, Desmond Fitzgerald... Mais adiante voltaremos a coller o fio.

VICENTE RISCO





## NOTA BIBLIOGRÁFICA

PRESENTADA AO «SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS» NA XUNTANZA

DO 6 DE FEBREIRO DO 1926



Al poucos días nun dos derradeiros mercados das cuartas feiras de Sant-Iago remexendo nun posto de libros vellos e caxeque faltos de intrés, atopé un libro pequeno con cobertas de descórido pergamino que merquel por douis reás porque me pareceu curioso non somente pol-o que debía decir senón tamén pol-o autor, o coñecido bispo de Ourense Ilmo. Sr. D. Fr. Joan Muñoz de la Cueva que gobernou aquila diocesis a comenzaos do século dazaolto.

Trátase dunha vida e martirio da Sra. Mariña de Augas Santas feita no ano 1719 pol-o devandito bispo ourensán. Non ben mencioada no «Ensaya | de | n | catálogo sistemático y crítico | de | libros que tratan de Galicia.

N-este libro de Villemil somentes se recollen duas obras tamén moi interesantes do autor d'este libro.

Unha que leva por título: | Noticias históricas | de la glesia Catedral | de Ourense | n.º 428

páx. 245 e en cuario con 420 páx. (portada, censuras, licencias, dézimas e soneto) sin paxinazón. N-él, e no libro terceiro trata tamén de Sta. Mariña de Augas Santas. O outro libro titúlase «Compendio de la vida y martirio de Santa Eufemia de Galicia virgen y mártir, patrona de Ourense cuyo cuerpo con los de los dos santos mártires compañeros, están colocados con gran veneración en su iglesia catedral por el obispo de la misma Ilmo. señor don Fr. Joan Muñoz de la Cueva.»

Encol da vida e martirio da virxe Santa Mariña de Galiza somentes cita o Villemil duas obras unha d'elas manuscritas (Cuaderno sobre Santa Marina de Aguas Santas por don Gerónimo Gómez Sandías) e que cita o autor do libro do que dou hoxe a nota e outra titulada «Epílogo de la vida y martirio de Santa Marina de Aguas Santas» pol-o P. Juan Alvarez Sotelo.

Tenho ouvido ó meu distinto amigo señor Castillo López que iste librillo é moi raro e que il somentes sabe de un que está n-unha biblioteca particular da Cruña.

Xa esto dito damos a papeleira completa da obra.

•Don Fr. Juan Muñoz | de la Cueva, | por la Gracia de Dios | y de la Santa Sede Apóstólica | Obispo de Orense del | Consejo de su Ma | gestad, etc.

| A todos los fieles | de su Obispado, gracia y | paz en nuestro Señor | Jesu Cristo | | les dedica este breve | compendio de la vida, y martirio |, de Sta. Marina de Galicia; cu | yo sepulcro, y santo cuerpo se | venera en su Iglesia de | Aguas Santas.

Ten pirmeiro un añaco de folla co comenzo d'un grabado da santa que a xuzgar polo que se vé debía ser moi fermoso, e debaixo o que sigue:

| S. Marina V. M. de Galicia

Cuyo sepulcro glorioso con muchos milagros se venera en Aguas Santas |

| El Illmo. Sr. D. F. Joan Muñoz de la Cueva

| Obpo de Orense concede 40 días de Indulgencia | a todos los que hecho el acto de contrición dixer.º |

| Sta. Marina ora pro nobis |

Franc.º à Palom.º del. - Matrill a.º 1719 - Joan à Palom.º sculp.

Dempois ven a folla do Tidoo e escomenza o libro que ten 112 páxinas. XII capítulos e no derradeiro 5 selzons adicadas a mostrar os milagres da santa e en un tipo de letra mais pequeno a Conclusión. Tén 13 cm. de longo por 9 de ancho.

Non quero finar ista comunicación sen antes pregar á xunta directora que active os traballos de bibliografía galega que temos dende fai algun tempo esquencidos.

RAMON MARTINEZ LOPEZ



# A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

Os longos vestidos escuros dos habitantes das Cassiterides, pódense relacionar coas capas galegas qu'asegún nos dí Murguía, eran usadas en Roma na época de Marcial, (1) e que pertenecían a unha clás d'abrigos grosos, provistos muitas veces de capucha, que dende os países célticos, pasaran á capital do Imperio y-eran ali coñecidas cos nomes de *abolla, birrus, lacerna, e caracalla*, sendo todos iles de felta case idéntica o *sagum* celtibérico, manto de lá negra que se prendia en col do peito c'unha fibula, e da que falan Appiano e Posidonio, estando representado tamén cobrindo as costas dos bonecos votivos de Despíaperros, nos relevés d'Osuna y-en figuras iconográficas romanas da Hespeña.

Outra prenda do vestuario masculino das gentes galegas era o cinto, que coñecemos sólo pol-as estatuas de guerreiros e que s'encontrara n-elas imitado por unha superficie lisa y-outras como na de San Ovidio de Fafe e de Cendufe, aparece formado por tres grosos cordóns, con dibuxos reutangulás e unha estrela nas costas, nas de Campos (Fig. 35 bis).

Respeito dos vestidos de muller, sabemos somentes qu'eran de teas de coores vivas, que se disporian de seguro como no resto do mundo céltico, en faixas e cadrados, justificando en certo modo esta presunción, a túneca da estatua de Cendufe, a mención que fei Plinio dos tecidos de Salacia, (2) qu'estaban dibuxados con cadrados, e cecais tamén as fermosas combinacións de coores que se conservan ainda nas teas de rexión portuguesa do Miño e nos labores de lá, colchas principalmente, das nosas tecedeiras aldeás.

## XIV

### A S A R M A S

As armas ofensivas e defensivas dos galegos da Edade do Ferro son enumeradas no seguinte pasaxe da *Geographica*: (3) Usan

escudos pequenos, de dous pés de diámetro, cóncavos e pendurados de correias; levan tamén puñal y-espada... Poucos teñen courazas ou cascos de tres cristas; defendéndose outros dos golpes con redes de nervos ben iecidas; os infantes usan asimesmo ocreas, cada un leva moitos dardos e unha lanza con punta de bronce. \*

Perlindo dos datos que nos proporciona Strabon, podemos clasifical-o armamento das nosas tribus prerromanas d'iste grazo:

Armas defensivas:

- A) Escudos redondos.
- B) Courazas.
- C) Cascos de tres cristas.
- D) Ocreas.
- E) Redes de nervos.

Armas ofensivas:

- A) Espadas.
- B) Puñás.
- C) Lanzas de punta de bronze.
- D) Dardos.

As nosas informaciós acerca de tales oujetos, son moi desiguás. As estaciós esproradas hast'o dia, teñen proporcionado exemplares d'espadas y-ainda de puntas de lanza, a forma dos escudos, dos puñás e dos cascos podesenxergar gracias ás estatuas de guerreiros, ós grabados de chamada diadema de Cáceres — qu'asegún Bosch é galega, y-alcontrada en Ribadeo — (1) y-a certas moedas de tempo d'Augusto. Pero respeito ós dardos, ás redes de nervo, ás ocreas y-as courazas, témonos que contener co texto de Strabon, sen poderll'engadir ningunha comprobanza arqueolóxica.

*Os escudos.* — Pousado sobr'o peito das estatuas de guerreiros, erguido en outo polos infantes da diadema de Ribadeo, o escudo dos belicosos galegos, aparece de cote na mesma forma. Pequeno, redondo, cóncavo, idéntico

(1) Historia de Galicia, I Edición, t., I

(2) VIII, 69.

(3) III, III, 6

(1) Los Celtas, pag., 27.

en todo ó descrito na *Geographica*, e semeillante á adarga celtibérica que se coñeceu co nome de *cetra*.

Mais estas representaciós, si ben amostran o gelo d'aquela arma defensiva, nada dín en troques, acerca da materia de qu'estaba formada. Alves Pereira, (1) sabio adjunto do Museu Etnológico de Lisboa, lembrando os versos en que Silio Itálico fala das danzas dos gallegos, di qu'os escudos debían ser de metal, já que d'eles sacaban sonidos pr'acompanhar os seus bailes; mais disgraciadamente, as estrofes da *Pínicia* non son claras d'abondo pra permitir unha afirmación absoluta, podendo ocurrir moi ben qu'os fillos de Galiza que servian no exército d'Annibal, balaran co-as suas espadas no coiro tenso ou na madeira, cousas as duas mol usadas na fabricación d'escudos, parecendo confirmar esta opinión a ausencia de semellantes armas nas nosas estacíos, que quedaria así espicada pol-a escasa resistencia d'aqueles materiais a acción destrutora do tempo.

A superficie exterior das cetrás galegas presenta case sempre acusados con mais ou menos craridade, labores ó parecer en releve, que se conseguiran cecais apricando láminas de ferro ou bronze. Taes labores afeulan formas distintas, circulares n'unha das estatuas do Jardín da Ajuda, cruciformes y-a modo de feixes de rayos, c'os intervalos preenchidos de segmentos de círculos concéntricos, no guerreiro de Vizela, e c'os mesmos segmentos partidos en catro porciones e juntados dous a dous, por liñas reuas no de Cendufe (fig. 36).

Alves Pereira, de quen tomo istos datos, fai notal-a semellanza dos derradeiros dibuxos cos qu'aparecen adornado os reversos dalgúns moedas de Salacia e da pretendida moneda de Segóbriga e Sagunto, reversos fitos pirmeiro por figuras laberinticas, mais que non son outra cosa que representaciós de cetrás, asegún demostrou o numismático francés M. de la Goy. A circunstancia de pertenceren as ditas moedas ó reinado do imperador Augusto, vencedor das tribus do N e NW da Península, da a case certeza de qu'aquiles reversos figuram algo coma trophoeos dos povos sometidos ó Imperio, e por

(2) Loc. cit.

outra parte, a perfecta imitanza dos adornos das adargas c'os qu'ostentan no seu escudo o guerreiro de Cendufe, e tamén a presencia nos umbos do círculo concéntrico e da roda con radios rectos ou curvos, tan frecuentes nas pedras das citanias, autoriza a pensa que tales cetrás foron usadas pol-as gentes da nosa terra. (figs. 37 e 38).

*As courazas.*— Carecendo como carecemos de toda información a elas relativa, sóllo podemos señalar o feito de que nos países celtibéricos foron alcontradas courazas metálicas grabadas con círculos concéntricos e co-as espiras aparelladas que tamén atopan na nosa cultura dos castros. (1)

*Os cascos de tres cristas.*— O problema da identificación arqueológica d'esta arma, foi abordado por Leite de Vasconcellos nun artigo que publicou no tomo XI da sua revista *O Arqueólogo português*.

O ilustre sabio dispois de faguer unha comparanza do texto da *Geographica* co outro da *Bibliotheca* de Diodoro Sículo, no que se fala de capacetes celtibéricos coroados por plumas tinguidas de púrpura, e d'estabrecl-a semellanza que debía existir antr'iste tocado guerreiro y-os nosos cascos de tres cristas, descrebe unha moeda de Carisio (fig. 39), legado d'Augusto nas guerras cántabras, qu'ostenta no seu reverso, a cabeza d'un home coberto por un casco rematado por dous penachos e un botón. Razona seguidamente Leite de Vasconcellos acerca do sentido e representación de tal figura, que considera com'embremática dos povos vencidos polo general romano, y-esprica a diferencia antr'os dous penachos da moeda y-os tres do texto de Strabon, por falta de rigurosidade etnográfica no obreiro que grabou aquela, engadindo, respeito da forma do capacete, qu'asegún Babelon, e coma cecais sitála Diodoro debía cobrir por completo o cráneo y-a cara, da cal parece querer imitar-as faiciós.

*Continuaráse*

(1) Alves Pereira, in *Novas figuras de guerreiros lusitanos descobertas polo Dr. L. de Figueiredo da Guerra, Arqueólogo Português*, vol. XX, pag. I parece incrinarse a ver unha couraza no saio adornado con ringlores do 88, qu'ostentan os guerreiros dos Campos (ver, fl. 35 bis), aunque nos cremos que se trata singelamente dun tecido.

# ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

## CONTOS DE XASTRES. (1)

### 1. O qu'atínou pr'as orellas

**E**RAN home e muller, e gobernábanse ben, mais tanto querían aforrar, qu'a noite comian o caldo ás escuras, pra non gastaren gás.

Chamaron ó xastre, e estivo cosendo, e ó chegar a noite, de que recollerón, a muller sacou o caldo, e sentáronse a cear na cocina. Coma xa era noite pecha e non vian, o xastre perguntou:

- Señora ama: e logo non alcend'a luz?
- Ay non, San Antonio! que se gasta moi gas, e vai moi caro. Vese ben, vese ben.
- No! pois eu non sei s'atínarei.
- Atina atina, que tamén atinamos nós.
- Principiaron, e o xastre iba collendo as berzas, e metiñas nas orellas. D'ali a pouco dixo:
- Señora ama, a miña cunca non lle ten caldo!
- Vosté que di?
- Afellas que non lle ten.
- Bai bai, pois eu boteillo.
- Pois traya a luz e verá coma nono ten.
- A ama pousou a cunca, e refunfuñando, encendeu o candil. Entón viron ó xastre co-as orellas cheas de berzas:
- Ay, señor Ramón, vosté que fixo, que meiu as berzas nas orellas?
- Pois, Señora, eu non lle dixen que non iba atinar? coma non via, en lugar d'atinar pr'o bico, atinel pr'as orellas.

(1) Os números 1, 2, 3 e 5, foron recollidos na terra de Celadas. O número 4, foi recollido na Limia (parroquia de Lamas, concello de Rairiz de Veiga).

Referentes a xastres hai na nosa Terra infinitos contos, nos qu'aparecen de cote, por un lado coma mei pillos, e por outro coma mariquiteiros e medrás. Coñecido é o dito de que: *Sete xastres fan un home, e quasehai a resposta de que:*

*Sete xastres fan un home  
no ano do pan barato,  
que no ano do pan caro  
fazan falta vinte e catro.*

### 2. O que gastaba moito fio

**T**AMÉN contan d'outro Xastre, qu'a ama lle daba o fio fasado, e sempre llo estaba pendendo, dáballe un novelo e a pouco xa non tiña fio.

A ama enrabechada, rifoulle moi, e perchouille o novelo n'un caixón, non deixándolle mais qu'a punta do fio fora...

O xastre tirou pol-o fio, sacouno todo, foliou envolvendo, e gardouno na faltriqueira. Chamou á ama:

- Señora ama, acabouse o fio!
- Ela abriu o caixón pra ver, e viu qu'era certo.
- Ay que demo d'home! Coma faría pra sacal-o fio sen abril-o caixón!
- O xastre amostroulle e dixolle:
- Veleiquí o ten, pra qu'adeprenda a non dalo fasado.

### 3. O que gastaba moito tempo

**O**UTRO xastre puña a enfiada moi curta, e a ama rifoulle, e dixolle:

- Ay maestro, todo o tempo se lle vai en metel-o fio na agulla; d'ise xeito nunca arremata!

- E logo com'hei faguer, Señora?
- Poña a enfiada longa, e así verá coma non ten qu'andar enfiando tantas veces, e apura mais a coser.

O xastre puxo unha enfiada tan longa com'o corredor ond'estaba cosendo. Pegaba unha puntada e dáballe a agulla ó rapaz que iragula d'aprendiz e decíalle:

- Anda pr'alá co-iste fio!
- O rapaz bolaba a correr at'o cabo do corredor, ata que pasaba o fio todo, e volvialle traquer a agulla ó maestro. Iste pegaba outra puntada, e volta a mandar ó rapaz coa agulla

e d'iste xeito pasaba o tempo e corria o xornal.

Por fin, de qu'a ama se decalou, dixolle:

— Abonda, Maestro, cosa coma queira.

#### 4. O da cadelña

**I**BA un xastre unha vez por un camiño, e le-  
vaba unha cadelña pequena atrás d'il.

Unha mulier principiou a berrarlle de lonxe;

— Tio home! Tio home! O do can!

O xastre seguiu camiño, decindolle á ca-  
dela:

— Anda, cadelña anda,  
Que conosco non han;  
Xastres non son homes,  
Cadelña non é can...

#### 5. O castigo dos avaras

**E**RAN tamén home e muller, e tiñan sonda de  
matar á fame ós que llíban traballar á  
casa. Aquil xastre soupo, e cando foi, xa iba  
avisado. Ben sabía que dar non lle darian ó  
xastre nin á costureira, mais iles comían ben,  
qu'o tiñan todo pechado n'unha y-arca, no  
sobrado. Chegou, e dixo que lle cumpliría un  
sítio onde coriar, botou o pano na arca, e pú-  
xose a coriar. De que coriou, sentouse na arca  
a coser. A ama dixolle:

— Ay, maestro, veña pr'eiquí pr'a solaina,  
qu'áhi non vén.

— Non, señora, donde corto, coso — respon-  
deu o xastre. E houbo que deixalo.

Chegaron as doce, e a ama foino chamar:

— Veña xantar, maestro, que son horas.

— Ay non señora, donde corto, coso e donde  
coso como.

Porfiouelle, e nada. Tiveron que vir xantar  
co-o na arca. Inda ben non principiaron, can-  
d'a ama, ergueu a fonte, e dixo:

— Vaya, mesa posta, mesa erguida.

Comer moiño fai doer a barriga.

Fartos vós, e fartos nós,

Demos todos gracias a Dios.

Botou un latinorio, e levou a fonte. O xas-  
tre rabeaba de fame, pero calou. Rabear, tamén  
rabeaban iles, que non podian r a arca.  
Seguiu cosendo; chegou a noite, e volvéreron  
chamar:

— Non señora, donde corto, coso; donde  
coso, como, e donde como ceno.

Volveron fraguel-a fonte pr'a y-arca, volte-  
ron principiar, e volta a ama a levar a fonte e  
a dicir:

— Vaya, mesa posta, mesa erguida.

Comer moiño fai doer a barriga;

Fartos vós, e fartos nós,

Demos todos gracias a Dios

Rezaron, e despois dixo:

— Vaya, maestro, veña á cama.

— Ay non señora. Donde corto coso, donde  
coso como, donde como ceno e donde ceno  
durmo.

— E vai durmir eiquí na y-arca? Mire que vai  
enfermar.

— Non señora, donde corto coso, donde coso  
como, donde como ceno e donde ceno durmo.

E por meis que porfiaron, nono sacaron da  
tema e liveron que deixalo. Fóronse deitar. O  
xastre deitouse na arca e fixo que durmia.

Aló pol-a noite adiante, espertou o vello,  
abriéndose a boca, e dixolle a muller:

— Ay Marica, que fame che teñol!

— Eu tamén, mais o demo do xastre deitou-  
se na y-arca, e non podemos ir a ela.

— Ay se liveras algo pra me dar, qu'eu mo-  
rrío de fame...

— Pois deixa, que vou ver s'hai unha migia  
de fariña, e fagoche unhas papas.

E ergueuse e foi á cociná e principiou a fer-  
vel-as papas. O xastre qu'ouvirá todo, cando  
lle pareceu, ergueuse e foise pr'a cociná:

— Britt... que frío! — dixo fregando as maus.

— Ben feito, ben feito! Se se viñera á cama e  
non quedara na arca... Eu ben llo díxen; qué-  
rese deitar agora?

— Non señora; donde corto coso, donde coso  
como, donde como ceno e donde ceno durmo  
E logo vostede que fal?

— Eh! estou eiquí fervendo unhas miadas.

— Pois pra eso élle moi boa a borralla.

E colleu o badil, ergueu o testo, e principiou  
a botar borralla nas papas.

— Non lle bote, señor, non lle bote que x-  
leven moita.

— Non señora, non lle fai mal. canía mais  
leven, millor.

E volveuse deitar na y-arca. A ama foi ond'o home.

— Qué me trás, Marica?

— Qué che vou traguer! Estábache faguendo as papas, o deño do xastre foi elá, dixenlle qu'eren miadas, y-encheunas de borralla.

— Ay, Marica, qu'eu morro de fame... Ay por Dios, Marica traím'algo qu'eu morro!

— Pois deixa, que vou ver sás pilas puxeron, e cozoch'os ovos na lareira.

E baixou ó galinheiro, trouxo dous ovos, e meteunos antr'a borralla pr'os cocer. A pouco, o xastre ergueuse e apareceu na cocida:

— Brrr... qué frio!

— Ben feito, ben feito; porque non val pr'a cama?

— Non señora, donde corto coso, donde coso como, donde como ceno e donde ceno durmo... Déixeme quentar un pouco...

E colleu o badil e principiou a remexer no lume ata qu'escachifou os ovos. O pouco volvreu pr'a y-arca. Voltou a ama ond'o home.

— Qué me trás Marica?

— Qué che vou traguer? Estábache cozendo os ovos, chegou o deño do xastre, remexeu no lume y-escachifounos.

— Ay, Marica, qu'eu morro de fame! Trai-

m'algo qu'estou morrendo!

— Pois deixa, que vou ver s'hai fariña milla e fagoch'unha vica.

Foi, colleu a fariña, fixo a vica, púxolle o festo, e deixouna a cocer no lume, e volvreu ond'o home:

— Vala, xa está a vica feita. O xastre non foi. Agarda un pouco e volvo por ela.

O xastre deixounos estar deitados, ergueuse aguslinho, foi á cocida, colleu porqueria, abriu a vica, meteulle a porquería dentro, deixouna com'estaba, e volvreu pr'a y-arca.

D'ali a pouco foi a ama pol-a vica, moi esfouada, e levoula ó home. Emprincipiaron a comér, e ó pouco, o vello púxose a berrar:

— Ay, Marica ti que me trouxeche elquí, que bolo os ligados!

Miraron, e viron a porqueria.

— Foi o deño do xastre — dixo a ama — condenado, que me fol alí, y-eu pensaba que non!

D'aquela erguese o xastre e díxolle:

— Ben feito, pra qu'adeprendan, que malaban á fame ós xastres e ós costureiras, pois agora xa saben o que é a fame!

Os velllos escarmenlaron e non volveron ás andadas.

## TODO GALEGO DEBE POSEER AS OBRAS

DO POETA DA RAZA

# DA TERRA ASOBALLADA O BENDITO SAN AMARO NA NOITE ESTRELECIDA VENTO MAREIRO NO DESTERRO

PEDIDOS A "LAR" REAL, 36 1.<sup>o</sup>

A CRUÑA

## HOS HOMES OS FEITOS, AS VERBAS

### Os Actos do Seminario d'Estudos Galegos

O domingo, 14 de Marzo, celebrou o Seminario d'Estudos Galegos de Compostela dous actos literarios importantes que levaron a Santiago moi boa parte da intelectualidade galega. Foron: a comemoración de D.<sup>a</sup> Carolina Michaelis de Vasconcelos, e o Ingreso no Seminario dos cairo poetas mais representativos do noso tempo, Cabanillas, Noriega Varela, López Abente e Taibo.

De fora de Santiago, foron, antr'outros, Lúgris Freire, Villar Ponte (A.), Carré Alvarelos e Casal, da Cruña; Castelao, Iglesias Vilarelle e Filgueira, de Pontevedra; Blanco Torres, de Vigo; López Abente, de Muxía; Otero Pedrayo, Cuevillas e Risco, d'Ourense. Agardaban tamén a Anxel del Castillo, a Antón Lousada Diegues e a Victor Casas, que non poderon ir, e qu'escribiron aderindose ó acto, coma tamén os Sres. Arias Sanxurxo, Banet Fontenla e Banet Diaz-Varela, de Monforte de Lemos.

Noriega Varela e Cabanillas tampouco poideron asistir, contra a sua vontade.

Antr'os qu'estiveron e os membros residentes en Santiago, coma os Sres. Cotarelo, Cabeza de León, Candeira, Tobio, Filgueira Valverde, etc., falouse moito comentando o noso movemento centífecho e literario, e o labor presente e futuro do Seminario, com os Catálogos bibliográficos, dos castros, dos moimentos arquitectónicos, da léngua, e o Museu Etnográfico. Os forasteiros eisamillaron as coleccións donadas pol-o Sr. Arias Sanxurxo, as papeletas bibliográficas coleclonadas e as obras d'arte que posee o Seminario na sua nova casa, no Colexio de San Clemente, cedida pol-a Sociedade Económica.

*A velada en honor de D.<sup>a</sup> Carolina Michaelis de Vasconcelos.*

Foi ás 11 e meia da mañá, no Salón d'Actos d'a Económica, cheo d'un público escolleito, no qu'había distintas donas, e n-un ambiente

de intimidade e de sinxelo recollimento. No estrado sentáronse todolos membros do Seminario, persidindo o Profesor Cabeza de León, co fundador do Seminario Dr. Cotarelo, o Secretario Sr. Tobio e o Censor, Sr. Filgueira Valverde.

Con sinxelas e fermosas verbas, o Presidente do Seminario, D. Salvador Cabeza de León, abriu a sesión, fagendo notar a significación do homaxe á insine investigadora do pasado literario luso-galego, despois do que cedeu a palabra ó Dr. Cotarelo.

O Sr. Cotarelo fixo un fermoso discurso, no que soupo poñer na outura de que é merecente o labor do Seminario, que aquil día congregaba ali a cantos o axudan con entusiasmo, e a significación espiritual da illustre comentadura dos Canzoneiros, a quem tan obrigada está Galiza coma Portugal.

O Sr. Otero Pedrayo presentou a D.<sup>a</sup> Carolina Michaelis coma continuadora da tradición da Alemaña romántica, que soupo interesarse pol-o autóctonismo de todalas terras, dando nacencia ó movemento qu'as fixo esperiar.

O Sr. Risco fixo notar como o tempo da nosa literatura que Carolina Michaelis fixo revivir nos seus estudos, foi o tempo da cultura común galaico-portuguesa, e que volver a aquela comunidade espiritual foi dende o comienzo a arela dos traballadores da nosa actual renacencia, obra que compre seguir.

O Sr. Lúgris, nun discurso valente, e cheo d'entusiasmo, fixo un estudio sintético da obra da Sra. Vasconcelos, en todolos seus aspectos, e saudou con verbas acesas a renacencia galega.

Pechou a sesión con atinadas verbas, o Presidente do Seminario.

O público aplaudiu cordialmente os oradores.

*A sesión do serán*

No mesmo salón, atelgado de público, celebrouse a sesión d'ingreso no Seminario de Ca-

banillas, López Abente, Taibo e Noriega. Os Sres. López Abente e Taibo leeron illas mesmas os seus poemas. Os dos Sres. Cabanillas e Noriega, ausentes, leéronos respectivamente os membros do Seminario D. Secundino Lúgris e D. Xavier Pardo.

Os asistentes poideron apreciar a obra igualmente chea de outura e d'engado, de catro poetas inteiramente desemellantes. Non pode haber maior distancia do estro ergueito, vario, soberbo e vibrante, chegando tantas veces ó épico, do Poeta da Raza, á inspiración humildz e soave do Poeta da Montaña. Ainda cando un e outro son tentos e sentimentalmente liricos a diferenza é fondosísema.

López Abente, clásico e grave, de rouco acento pondaliano, non ten que ver con ningún dos dous. Chamaron a atención algúns dos poemas inéditos que leeu, especialmente algúns de xeito descriptivo, ou millor, evocativo, da rexia veiramar ond'il vive.

Taibo, mais aberto qu'os outros á modernidade, non por eso deixa de ter certa imitanza, moitas veces, cos da época anterior a Cabanillas, anque outras, ainda sendo ben persoal e distinto, parece seguir a escola d'iste. N'il atopamos certo xeito trovadoresco.

#### *Outras cousas.*

Os membros forasteiros do Seminario foron ben agasallados. Moltos residentes en Santiago, e outros intelectuais composteláns, acompañaronos a xantar no Hotel Arxentino. O trio Harguren, do que forma parte o pianista Manolo Cerdeiriña orgaizou no Café Español, da Rua do Villar, unha sesión de música galega, na que interpretaron *Amor enxebre* de Brage; *Da lenda de Montelongo*, de B. del Rio; a *Muiñeira de Sarasale*; *Un adiós a Mariquiña* de Chané, e *Meus amores*, de Baldomir.

Tamén os agasallaron no Café Español, a noite do sábado, os estudantes vascos da Universidade cos que os intelectuais galegos estiveron ata moi tarde, en franca e cordial fraternidade.

#### DO MUSEO ETNOGRÁFICO GALEGO

O Seminario ten o pensamento de levar a efecto esta idea, pola que ten loitado hai tempo moitos dos nosos escritores, en especial, Antón Villar Ponte e Vicente Risco. Po-

#### NÓS

demos dicir que moi logo ha ter realidade, pois partindo dos donativos do Sr. Arias Sanxurxo, o Seminario propúxose realizala, é moi o entusiasmo e a capacidade de traballo d'aquellos rapaces, e saben que coñan fora de Santiago con moitos qu'os axuden. O plan está xa concebido e malinxado.

Por unha parte, pola que toca á Etnografía moderna, son moitos os membros do Seminario que teñen ofrecido donar coleccións. Así e todo, o qu'os particulares poidan facer a prol do Museu, non é moi. A creación do Museu, por modesto que sexa - ningúén aísla polo d'agora igualar os Museus etnográficos de Praga e de Berlín, cáxeque nin fan xiquerá, nalgúns anos, o Museu Vasco de Bilbao - require carmos.

Por iso, o Seminario solicitou das catro Diputacións galegas, donativos en diñeiro para fundación do Museu. Sabemos ata d'agora qu'as d'Ourense e Pontevedra ofreceron xa a sua axuda. Coidamos qu'as outras tamén hámese decatar da trascendencia da obra. O Museu Etnográfico, fora do seu inapreciábel valor científico, fora do mérito artístico das coleccións que poida arrecadar, ha sen-a más firme e sinificativa executoria da persoalidade de Galiza; un moimento eterno ergueito ó pobo galego como criador e como traballador.

As Corporacións públicas teñen o deber d'axudalo: Diputacións e Concellos, todos os Concellos de Galiza, e tamén todal-as Sociedades galegas, da Terra e d'América, e ainda os particulares: todos poden dar algún ouxeiro d'interés etnográfico, entendéndose que o ten toda cousa típica, feita por maus galegas, ou eiqui empregada a colio, que poida revelar calquera detalle, por insignificante que pareza, e tamén fotografías, dibuxos, estampas, escritos, documentos que poidan ilustrar en col da vida galega.

Con soila que se conseguira dotar á nosa Terra do Museu Etnográfico, o paso do nosa xeración non tería sido en balde.

#### A «SOCIEDAD CORAL POLIFÓNICA» DE PONTEVEDRA

De todal-as realizacións d'arte conseguidas na nosa Terra n'iste tempo, no que se non pode por menos de recoñecer qu'a xente bulle

e traballa, pode que ningunha teña a considerábele importancia que tuvo a presentación ó público do Coro Polifónico de Pontevedra, o 23 do mes de Marzo.

Había moi tempo qu'iste agrupamento, do que forma parte moita xente principal da vila do Lérez, e, o que val mais ainda, moita xente educada musicalmente viñase preparando para escomenzal-o seu labor. Foi unha preparación d'obra ben feita, com'o seu emprendimento quería.

A *Sociedad Coral*, com'ela mesma declarara no programa do seu primeiro concerto, nasceu d'unha pequena e íntima xuntanza d'amigos da música, os que siguen sendo, co mestre director Antón Blanco Porto, o espírito animador do meritorio agrupamento. Anílles atopanse doulos dos nosos mais queridos amigos e colaboradores, doulos homes ateigados d'amor pol-a grande arte e pol-a nosa Terra e a sua cultura: Antón Lousada Diéguez, Presidente do Coro, e cantor tamén na corda de barítonos, e Antón Iglesias Vilarelle. Na creación do Coro propuxéreron somentes un labor educativo: alarguel-a atención e a querencia do público galego car'as fontes enxebres da música, a arte popular e as obras dos grandes mestres da polifonía, procurando espallal-a sua coñecencia. Pra elo xuníron un Coro de voces (señorilas e homenz) que baixo a dirección de Blanco Porto estivese moi tempo ensaiando na interpretación das millores obras clásicas de música vocal, e de cantos populares, nosos e alleos, armonizados pró xeito polifónico. A porta pechada e sen público, sen mais público qu'o Castelao, que se lles agregou com'escenógrafo, fórond levando os ensaios.

Por fin, xa maduros pr'emprincipial-o seu labor, o mentado día deron o concerto de presentación no Teatro Principal de Pontevedra.

#### *O programa.*

Tivo tres partes. A primeira, de música d'autores antigos e modernos, emprincipiando co mestre dos Corales, o iniciador do estilo polifónico e da música moderna, Xan Bastián Bach, a quien debíase iste homenaxe. Cantaron d'il o Coral *Freuet euch, Ihr Christen alle*. Seguirón c'un fermoso madrigal de Roland de Lassus, mestre belga do século XVI, titulado *Vinde Iedos*, que chamou moiña a atención dos

entendidos. Iste madrigal cantárono en galego; pra elo, a sua letra foi traducida á nosa léngua por Iglesias Vilarelle e Filgueira Valverde co lino e gusto con qu'elles saben facelo. Despois a *Serenata de catro galás a unha dona*, quarto cómico de Borodin, e *Don Joan i Don Rémón*, romance popular sobre temas mallorquís, do mestre da música española, Felipe Pedrell.

A segunda parte foi toda de música relixosa, dos grandes mestres do século XVI e XVII: *In nomine Jesu* de Jacob Handl; *O sacrum convivium* de Ludovico Viadana; *Hievir* de Tomás Luis de Victoria; *Tristis est anima mea* de Giambattista Martini, rematando co *Exulta te Deo* de Palestrina.

A terceira parte foi de música popular: *Los mozos de Monleón* tonada Salmantina, por Benedito; *El cant dels auells*, cántiga popular de Nadal por L. Millet, e tres cantos populares nosos, armonizados por Fray Luís María Fernández: *Porque choras miña prenda?*, *Este é o tempo* e *Camiña Don Sancho* (romance), que marcan vieiro novo pró nosa música.

Fora de programa, cantou o Coro unha fermeza canción russa do Volga — *Stienka Razin*.

É dina de loubanza a escolma feita nas obras pra compôr iste programa, e o seu ordeamento en partes, qu'amostran gusto e coñecencia.

#### *Os decorados do Castelao.*

Por primeira vez: o Castelao revelouse co-mescenógrafo, e tan grande, tan forte, tan xeival, coma nas outras modalidades da sua arte. Castelao soupo colaborar no labor do Coro Polifónico coa punxente intuición que ten de cote, que fura no significado interno das cousas, e tradúcese en adauaciós maravillosas.

Fixo primeiro un telón de boca: un gran pano mouro sementado de froles de vivos tons, qu'estrelan sobr'o fondo negro en ledas e brillante policromia. No meio e medio está o rubro da Sociedade: o Rei David do Pórtico das Platerías co-a lenda en letras románicas que di: «Sociedad Polifónica de Pontevedra». Despois fixo fondos pra cada unha das partes do programa.

D'iste gelo, a primeira parte, fundamentalmente profana, cantouse nun fondo de selón, en gris, con alfombra e gradería bermella, d'un contraste perfeito, d'unha maxestosa sinxeleza.

A segunda parte, de mísica relixa, canouna o Coro atrás d'un telón, representando un fermoso pórtico románico con moitas figuras, e pr'o *Exultate Deo* de Palestina, lociu un soberbo rosetón oxival, d'un efecto prodixoso, e que consideran com'um dos melhores acertos da escenografía moderna.

Por fin, a terceira parte fixose c'un decorado representando unha gran fiesira alumeadas pol-o luar.

O trunfo do Castelao foi superior a canto s'agardaba do seu imenso xenio.

#### *A interpretación.*

Ainda sendo homildes as arelas da Sociedade Polifónica, soupo abranguer un éxito como se lembran poucos na nosa Terra. O Teatro Principal estivo cheo, con moita mais xente da que n'il colle comodamente: había cadeiras metidas antr'as lunetas, xente de pé, algúns s'bindose onde podian. O aspeuto da sala era do mais locido.

A xente ovacionou os lenzos do Castelao, e ó Coro dend'o comezo.

O labor dos cantantes estivo á altura que s'agardaba, e chegou ó cumbe na segunda parte. Houbo que repetir o *Exultate Deo*. Tamén mereceron loubanza os solistas: a Sra. Luz Fernández, soprano, no *Cant dels auells*, e Xosé Castro Souto, tenor, na *Canción do Vouga*. E ainda os cantos galegos do derradeiro.

#### *Remate.*

Veleiqu as novas que temos do acontecemento artístico do 23 de Marzo. Non sei como poderemos escoital-o Coro Polifónico fora de Pontevedra. D'un xeito ou d'outro, podémos gabar xa d'un bó emprendimento d'arte grande, e precisamente na mísica, onde tanto domina o gusto ruín na nosa Terra, n'esta terra d'artistas espontáneos, onde cada mozo da aldeia é mísico e poeta.

#### O SAN FRANCISCO D'ASOREY

**V**imos en Santiago a derradeira obra do insigne escultor.

En madeira policromada - madeira vivente, madeira espiritualizada en dous sensos: espiritualizada pol-o traballo a un tempo miúdo e xigante, espiritualizada pol-a plasmación do sentimento, d'un sentimento no que non hai dúbida qu'a vida do Seráfico Padre (a mais

#### NÓS

exemplar das vidas humanas) foi intimamente vivida; madeira con alma — traballada con minucia afó derradeiro detalle, c'un longo e demorado esforzo d'atención, e conservando cada mordedela da goiva no pau, a impronta do traballo material que se volveu arte e vida, o sinal do procedemento, com'en certos xapeneses y-en algúns oucidados con concencia artística, que traballaban á luz da lámpara da verdade.

O Santo, figura alongada ata mais do natural, coroado de froles e paxaros por riba da groseira cogulla que lle cobrá testa, ofrece a sua carne mártir, cos brazos en cruz, apoyado nun penedo e no couce d'un arbre, que desprnde unha pola, apegado á terra pol-o sentimento fraternal, crucificado na Natureza por propia vontade, os sagrados estigmas en pés e maus, os cravos xa cobertos pol-a pel, pés e maus de Cristo d'un imitador de Cristo real e verdadeiro, pechadolos ollos á luz do mundo, abertos por adrenio á luz interior onde florecen xa as estrelas do ceo, alma chea de bestas e paxaros e homes e árbores e terra e pendos, que recolle en amor a Natureza inteira pra levarla a Deus. O lobo, empoleirado atrás do Santo asoma por riba do brazo derecho pra acochar no seo fraternal unha testa de prodiosa realldade, traballada pelo por pelo, pechados tamén os ollos, com'un can cand'o aceríñan rañándolle antr'as orellas. A estofa grossa com'un cilicio que cobrá medias a probe carne do Santo, está por adiante cuberta de remendos de teas ordinarias ou preciosas, que marcan n-ela unha gran cruz.

Aseguran qu'Asorey fixo esta obra, porque aló en Madrid puñeronlle a chata de que non sabía tratar mais que temas galegos. E anque así fora, qué?... E si o San Francisco é un tema universal, por ser universal, deixará de ser galego? De todos xeitos, consigueu co'il un dos seus maiores acertos.

E agora, alá vai co'il pra Madrid... en demanda cecais d'outra terceira medalla!.. Seica lle poñen medo os Pirineus...

Vai pra Madrid, onde somentes tres ou catro, e non dos que mais estimanza gozan, comprenden a arte grande; os outros, ou xusgan c'un rancioso criterio académico, ou con criterios d'imporlación; ou un clasicismo noxoso, ou a moda...

Coidamos qu'Asorey ganaría mais, que Galiza – a quen il debe a sua inspiración e o seu xuicio, e coa que ten polo tanto iste deber – ganaría tamén mais, si se decidira a pasal-a fronteira...

#### EXPOSICIÓN D'ARTE GALEGA EN SANTIAGO

TENCIONAN istoño, polo Apóstolo, facer unha que ha ser se cadra a mais compreita que se teña feito na nosa Terra. Queren recadar o concurso de todos os artistas, e tamén de todos as Corporacións e de todos as Sociedades e particulares que posean obras d'autores galegos. Se todos corresponden coma deben, ha ser unha ben boa demostración de canto Galiza fai e pode en materia d'arte.

### LIBROS

#### GALICIA. VOTO EN CORTES. por M. SILVA FERREIRO.

Muito se ten falado d'iste asunto, e caxequé de cole d'un xelito impreciso. Lopez Ferreiro estudiouno algo, e recentemente, nas suas *Notas viejas Galicianas*, refireuse a elo D. Pablo Pérez Constantí. D. Manuel Silva Ferreiro, Catedrático da Universidade Pontificia de Santiago, publica agora este libro onde recolle toda a historia da representación de Galiza nas Cortes casteláns, e do sonado preito do voto, coma tamén da Escuadra galega. Unha cousa qu'o autor non fai, e que houbera estado ben, fora que houbera posio o principio unha referencia dos traballois anteriores e das fontes de consulta en col da materia. O autor manifiesta que non se sabe por qué Galiza deixou de ter voto en Cortes, e desboita a opinión – posía no artigo *Galicia* do *Diccionario Espasa* – de que foi por seguir o partido da Beltranexa, opinión que seguieron case todos os escritores galegos do século pasado. Por certo que Martínez Suárez, ncs *Fueros municipales de Orense* asegura que foi moi antigo, por ter deixado de ser realenga a mais da terra de galiza. As repartidas xestións das cidades galegas, as rivalidades antreras, o repartimento e pagamento dos cen mil ducados que lles costou recuperar o voto, están referidos por miudo asegún diferencia de documentos do Archivo do concello de Santiago.

#### HACIA UNA MORFOLOGÍA DE LA VIDA GALLEGA. por JUAN JESÚS GONZÁLEZ, Santiago, 1925.

CECAIS unha migra trabucado o título d'iste libro – por dar cerio valor normalivo á verba *morfología*, de valor puramente especulativo – contén emporiso un traballón, ateigado d'atinañas oubservacions, onde se discute o *problema da grande urbe*, suscitado aqui por Faraldo e Vilar Poute e discutido en diferentes sensos por Valle Inclán, Montes, García Martí, e outros. Xan Xesús González é do noso pensar, incrinado á intensificación da vida nas pequenas vilas, e fundase pra elo principalmente, no caraute da xente galega, refratoria ó urbanismo, e na imposibilidade xeográfica da gran cibdade. Unha consideración crítica ben feita do caraute do galego dentro e fora da terra; unha xusta apreciación da Edade Meia, avaloran iste traballo.

#### DE LA NATURALEZA: SU SENTIMIENTO Y COMPRENSIÓN. LA ATLÁNTIDA, conferencia do MARQUÉS DE FIGUEROA na Universidad de Coimbra, publicada pola Unión Ibero-Americana.

O noso ilustre colaborador estuda aquí n'esta fermosa conferencia o problema da existencia da Atlántida, en relación co sentimento da Natureza coma criador dos mitos. Pon os Indicios do continente solgado a carón da teoría de Wegener, e sen decidirlo, porén, afirma a perennidade do mito, ond'está o qu'a Naturaleza suxire, pois: «Naturaleza sugiere harto más de lo que expresa» e «no se revela tanto directamente, como por indirecto modo». A Atlántida aparece ligada á doutrina dos desplazamientos verticais, frente ós desplazamentos horizontais de Wegener, e oubservacions d'outra parte, dan, coma dí Mendes Correia, «verosímil hança á Atlántida...». Lembremos nós como, nos primeiros anos do noso movemento, o mito da Atlántida – berce dos Cellos asegún Verea e Aguiar – ergueito de novo por Porteiro, foi pra nós un símbolo.

**Non deixe de mercar**  
**COUSAS por CASTELAO**  
Prezo CATRO peseas

## REVISTAS

CÉLTIGA 10-I-1926.

*¡Elat!* por Urbano González Varela - *El momento de Galicia - Galiza e o Minho* por João Verde - *Aturuxos en el mar* por Ramón Suárez Picallo - *Sonetos de Amor* por Leon Yarara - *Hispano americanismo* por A. Alonso Ríos - *La segunda comida de camaradería de Céltiga - Un gran escultor gallego - Cosas de los troyanos* por José Luis Bugallal - *Roma* por Pedro Roca y Marsal - *Un xuntoriro proveitoso* por Cesareo Figueroa Gainayo - *Vicente Risco* por Blanco Amor - *O curazón da terra* por Xan de Pezoz - *Teoría do Nacionalismo Galego* por Vicente Risco - *Discurso do Dr. Luis Porteiro - Carros* por R. Cabanillas - Informacións, Efemérides, Fotos de Trives, *Aguas fuertes quincenales*, ilustraciones de Bcrobio, Camilo Rodeiro e outros.

CÉLTIGA 25-I-1926.

*Pol-a Patria* por Eduardo Pondal - *El momento de Galicia - A Saudade* por Noriega Varela - *Romance de Saudade* por Blanco Amor - *Figuras de cornisa* por Prudencio Canitrot - Unha carta do Cabanillas - *Concepción Arenal - Libros - O Pulpo* por A. Zapata García - *O Seminario de Estudos Galegos de Santiago* por Vicente Risco - *Teoría do Nacionalismo Galego - Un ollido de vidro* por Castelao - Informacións diversas, Alalás de Sarandós e Castro Caldeira, etc.

NACÃO PORTUGUESA  
n.º 7-8, 3.ª serie, 1925.

*Nos atrios da Cidade Nova* por António Sardinha - *A emigração clandestina* por Artur C. Figueira - *Un novo Iberismo* por M. de Oliveira Lima - *Palabras que não foran escritas* por Pedro T. Pereira - *Un grande jurista*

## NÓS

portugués por Marcello Caetano - *A política de África de El-Rei D Sebastião* por Manuel Múrias - *A memoria de Henrique da Gama Bames* por M. M., J. Lucio de Azavedo, Hipólito Raposo - *Cipo, Crónicas do mes etc.*

GIL VICENTE, Guimaraes Novembro - Dezembro de 1925.

Unha outra revista dos integralistas lusitanos, «revista mensual literaria e de cultura nacionalista», rotúlase, e amosa a difusión en Portugal tamén d'un pensamento que a si mesmo calificase de reaccionario. Tral iste número traballo de José Pequillo Rebelo, Eugenio de Belonor e Alberto V. Braga, o d'iste adicado ós *Nichos de «Alminhas»* ou petos das Animas, dos que tanto hai na nosa terra e que fan útil é confrontar cos d'alem Miño. Tamén hemos dar un resumo d'iste traballo no noso *Archivo filosófico e etnográfico de Galiza*.

BOLETIN DE LA JUNTA PROVINCIAL PARA LA LUCHA ANTITUBERCULOSA, Cruña, Xaneiro 1926.

É o primeiro número. Ven proseguir o do Dispensario Antituberculoso, e require o esforzo xeneroso de quienes queiran axudar n'esta humanitaria cruzada, pol-a que tanta gabanza merece aquela Xunta. Adica unha lembranza ó Señor Asúnso, e fala do Sanatorio de Cesuras, da Cultura popular fisiolóxica, da tuberculosis porcina, e noticias.

\*\*

D'outras revistas recibidas falaremos próximas que ven.

Imprenta LAR. Real, 36 - A CRUÑA



# Dr. MOSTEIRO

Médico  
Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia  
Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

## DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada  
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

## Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor  
Véndense en todolos estabreimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

## Reloxeria ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

M. Calviño  
OURENSE



A mais económica de Galicia

AXIÑA  
APARECERÁ

## HOSTIA

POR  
ARMANDO COTARELO

## SANATORIO QUIRURJICO Diretores:

Manuel Peña Rey  
Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco  
Cirugía geral  
Especialista na gorga, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Círculo, ten todolos condicíos precisas. — Practícase toda cráis d'operacións. — Dotado de todolos adiantos que pide a actual Cirugía. — Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 250,000 voltios. — Aparello de Diatermia pra tratamento de Anefites, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera. Lámpara de carbono pra sol d'allume e ultra-violeta pra tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eczemas, etcétera. Admitense embarazadas, e contase co material esterilizado pra fora da cibade en casos d'urxencia. — Poden colaboraren todolos compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE  
Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Branco BRILLANTE. LOS GALLEGOS branco e tinto  
Macia e Valeiras, Apertado 18 -- Ourense

Fabricación  
especial de  
toda sorte  
de Cristales  
ópticos



(MARCA REGISTRADA)

Execucion  
esmerada  
das recetas  
dos seño-  
res Médicos  
Oculistas

P R A Z A M A Y O R , 1 8 : - : O U R E N S E

## PROPAGANDO

# N O S

érguese a nosa cultura

Lea  
vostede  
a novela  
mensual

**LAR**

Suscripción a 6 números  
1'60 pesetas

Ademinis-  
tración e  
imprenta  
Real 36-1.

A C R U Ñ A

**Augas bicarbonatado-sódicas de  
M O N D A R I Z**



**FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO  
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR**

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.<sup>º</sup> de Mayo a 31 de Octubre

**NON DEIXE DE MERCAR**  
**COVSAS**  
**POIZ**  
**CASGUEIXO**

**2.º volume da Biblioteca  
do Seminario de estudos  
Galegos**

**EDICION LAR**

**PREZO catro PESETAS**

---

**F. ROMAN E SACO**  
**DROGUERIA**

**e FARMACIA**

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE